

TERRE
MOTA

VISION TERREMOTA DE

ANEIA * AS PONTES *
Sara Cid e Antón Reiza

VAIDEOP...

SELECCIÓN XA!

MANU CHAO
vuelve a casa

O día que Galicia
gañou a copa do mundo

TRACTOR BRAVU
Manuel O'Rivas

TOQUES

TRIBUS:
O Morrazo

Sexo, leiras & rock'n'roll

RELATOS

Lois Pereiro
S. Jaureguizar
Manuel Seixas
Alfonso Pato
Fran Alonso

BRAVU

revista que sae cando a situación o require

número 1
1.000 pta.



xenreira + **NACHO**
os diplomáticos + **FRAN & XOSÉ RAMÓN**
korosi dansas + **MICHEL SALGADO**
manu chao
arsenio in da.house, etc...



SELECCIÓN XA!

MANU CHAO
vuelve a casa

O día que Galicia
gañou a copa do mundo

TRACTOR BRAVÚ
Manuel O'Rivas

TOQUES

TRIBUS:
O Morrazo

Sexo, leiras & rock'n'roll

RELATOS

Lois Pereiro
S. Jaureguizar
Manuel Seixas
Alfonso Pato
Fran Alonso

xenreira + **NACHO**
os diplomáticos + **FRAN & XOSÉ RAMÓN**
korosi dansas + **MICHEL SALGADO**
manu chao
arsenio in da.house, etc...

+
CD



revista que sae cando a situación o require

número 1
1.000 pta.



BRAVO

revista que sae cando a situación o require

¿hai alguén aí fóra?

A VOLTA Ó MUNDO
EN 18 HISTORIAS

UN VIETCONG DA GRELA

OS ALEMÁNS
EN AROUSA

A URXENCIA DO
JULAI LAMAS

TRIBUS
Costa da Morte

DIARIOS DE VIAXE
Julián Hernández: ST en América
Miguelanxo Prado en Hollywood
Galicia Tropical en Lyon

SONCHE CONTOS
César L.Cisneros
Irvine Welsh
Alejandro Finisterre
X. Cid Cabido
Senén Xenreira
Victor Aparicio



número 2
1.000 ptas



**TERRA
TERREMOTA**

VISION TERREMOTA DE:

ANEIA ✕ **AS PONES** ✕ **VAIDEORRAS** ✕ **CARBALLO** ✕ **SANTIAGO** ✕ **MOAÑA** ✕

Sara Cid e Antón Reixa Antonio López Mariño Xosé Carlos Caneiro Xurxo Borrás Xosé Hermida Manuel P. Rúa

FERROL ✕ **AUDOVIA** ✕ **A CORUÑA** ✕ **VIGO** ✕ **LUGO** ✕ **A MARÍÑA** ✕

Gonzalo Torrente Ballester Alfonso G. Pato Xurxo Souto Fran Alonso Xosé De Cora Jaureguizar



ARROITADAS

Submarinos nas Xubias
Esmoteiros na Raia Seca
O caderno que
sobreviviu á paleadora

TOQUES

Manu Chao/Marta:
Como argallamos a
Feira das Mentiras
DE QUÉ VAMOS:
Skornaboís

SONCHE CONTOS

Xerardo Zás
Gonzalo Navaza
Suso de Toro
Xosé Hermida



+0 videoxogo TERRA TERREMOTA +8 Cancións igual de terremotas

BRAVÚ

revista que sae cando a situación o require

número 3
1.000 ptas



**TERRA
TERREMOTA**

[o CD plus]



BRAVU

revista que sae cando a situación o require



número 4
1.250 ptas



Coro de Rozadores + Atalora + Astarot + Diplomáticos de Montealto + Tono de Pito



7 PORTAS 7 MARES

ARROUTADAS

A travesía de Alaska en kayak
De cómo medio Malpica se foi a Perú
Conquistando a Antártida
As mulleres no mar: patronas, mecánicas, plataformeiras

TOQUES

Os discos do mar
Novidades
Regueifeiros

SONCHE CONTOS

Luisa Castro
Susana Fortes
Xandra Tedin
María Lado
Lupe Gómez
Mónica Góñez
Lola Ponte

BRAVU

7 PORTAS 7 MARES





7 PORTAS 7 MARES
D. Legal: VG.354-1997

**1. SENTIR A HERBA
MEDRAR / SICOFONIA**

(Doutor Katanga)
Sons recollidos nunha leira.....

**2. NAVE ENTERPRISE
RUMBO AS PIAS**

(Jerry Goldsmith/
Adapt:J.Rotring-Rómulo)
Guitarra tipo jato: Manuel Seixas
Voces: Luaces, Manuel Martin e Belita
Romero
Gravado en PIRAMIDE ESTUDIO por
Arturo Kress.

3. GALICIA TERREMOTA

(A.Reixa/K.Arkarazo)
Voz: A.Reixa
Programación, guitarras, voces: Kaki
Arkarazo
Batería, Percusións: Mikel "Pintza"
Abrego
Coa colaboración especial dos "chou-
teiras": Xulio Cordeiro e Oli Xiráldez
(gaitas)
Gravado en CORMORAN por Tasende.

4. A MOTOSERRA

(Pinto D´Herbón)
Voz: Pinto D´Herbón
Guitarras e retellada total : Juan Varela
Guni
Pandeireta: Jonnet Middleton
Coros: Nesta ocasión os Saramagos
foron Toia, Jonnet e Guni
Gravado en PIRAMIDE ESTUDIO por
Arturo Kress.

5.O BIG BANG

(Miles Davis/letra: Marisol Rodriguez)
Voz: Marisol.
Gravado en PIRAMIDE ESTUDIO por
Arturo Kress.

**6. A RESPOSTA ESTA NO
VENTO**

(Antonio Vega/Adapt:
j.Rotring/Rómulo/Isabel Romero)
Voz: j.Rotring
Guitarras ratoeirras: Manuel Seixas
Acordeón: Rómulo Sanjurjo
Baixo: Manuel Martín
Caldeiros: Xabier Alonso

7. PLANTA-TE

(Skornaboís)
Voz: Emilio López
Guitarras: Xermán Viluba
Baixo e programacións: Iván Laxe
Batería: Xoán Villamel
Gravado nos estudos da RAG por Toño
Vázquez

8. TRATORADA

(Rastreros)
Voz: Helétrico
Guitarra: Killo
Baixo: Muñón
Batería: Richi
Gaita: O Gaitas

**9. A CANTAR CON DON
RAMON**

(The Xeneración S.O.S.)
RASTREROS aparecen por cortesía de
EDICIONS DO CUMIO
NACION REIXA aparece por cortesía de
ESAN OSENKI

Este é un CDplus (mais ben, minus). Podes escoitalo ou xogar con el (hai versións para PC e dúas para Mac,
dependendo se prefires música ou velocidade)



TERRE
MOTA

D. Legal:VG.455-1998



¿hai alguén aí fóra?

DECÁLOGO DA DÁRSENA



Carlos Lago

DECÁLOGO DA DÁRSENA DOS PESCADORES OU MAREANTES DA CIDADE DE A CORUÑA, DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SEN EXCEPCIÓNS NIN PRIVILEXIOS

1. A CIDADE de A Coruña, como Venus, a deusa da beleza e do amor, naceu do mar e para o mar. Os mariñeiros foron os seus artifices.
2. A CIDADE de A Coruña, viviu e vive, en boa medida, co mar. Os pescadores foron e son os creadores desta riqueza. Eles achegaron a cidade ó mar. Na actualidade estase a cometer a aberración de alonxar a cidade do mar, realizando recheos inxustificables para especular con eles brutalmente contra os intereses do común.
3. A CIDADE de A Coruña, a traveso do súa Dársena, un dos lugares de traballo dos mariñeiros, abastécenos o noso peixe de cada día e non só ós coruñeses: tamén a moitísima xente da península ibérica privada do ben e da regalia do mar.
4. A CIDADE de A Coruña está aberta ó mundo enteiro gracias aos camiños do mar que lle deron universalidade. Os seus máis calificados embaixadores foron e son os mariñeiros coruñeses.
5. A CIDADE de A Coruña, como os seres humanos, ten un corazón grande, puro e xeneroso: a súa Dársena á que os pescadores lle dan vida.
6. A CIDADE de A Coruña sabe -e maiormente as súas clases populares- que un porto deportivo é o accesorio e o porto pesqueiro o esencial.
7. A CIDADE de A Coruña está fachendosa dos seus pescadores e non tolerará que os expulsen da Dársena como se foran "xentes non gratas".
8. A CIDADE de A Coruña por tradición e estética non permitirá que a estampa das galerías da Mariña e da flota de baixura desaparezan da súa paisaxe urbana que tan ben a definen e singularizan.
9. A CIDADE de A Coruña, Galiza, o mundo enteiro, saben que a Dársena é, dende sempre, dos pescadores e non dos mandamais de turno que apareceron onte e desaparecerán mañá.
10. OS PRINCIPIOS deste decálogo resúmense en dous:
A propiedade, uso e disfrute -este compartido por toda a xente- da Dársena é dos pescadores ou mareantes e de ningún mais. A cidade de A Coruña non pode consentir de ningún xeito que se prive ós seus mariñeiros deste dereito irrenunciable, gañado, ademais, por prescripción inmemorial. ✚

MANUEL MARÍA

¿POR QUÉ? (MANIFESTO DOS PESCADORES)



GREMIO MAREANTE

Jaime Cabanas

¿Por que temos que marchar?

Os pescadores pasamo-la vida traballando no mar, e cando decimos toda a vida falamos desde os catorce ou dezaseis anos ata os 65. Unha vida enteira flotando, loitando con todos os ventos e mareiras do noso mar. A civilización do ocio, as vacacións, son para nós cousa de fantasía ou de ciencia-ficción. Os mariñeiros galegos somos os millores pescadores do mundo, pescamos en todos os mares do planeta e atopamos peixe alí donde se encontre. Somos tan bos, que pouco a pouco ganarlle esta batalla ao mar vai ser a nosa perdición, pois cada ano que pasa os peixes van a menos e temos que pasar máis horas no mar.

Os mariñeiros galegos somos moi traballadores; tan traballadores que as novas tecnoloxías fannos aínda máis escravos porque xa non perdemos tantos días de ir ao mar como os nosos pais, que iban ao mar sin radios, sin GPS, sin haladores, sin prediccións meteorolóxicas, sin barcos de ferro ou de fibra, sin subvencións para a súa construción.

Tanto traballo para traer a terra a prata do peixe, a prata dos cartos ás nosas casas, á xente de terra que vive da nosa actividade: subastadores, exportadores, placeiras, transportistas e funcionarios.

E de tantos traballos vén a nosa indefensión, a nosa dependencia do que temos en terra. De tantas horas no mar vén o noso desarraigo, porque na auga ninguén bota raíces. De tanto loitar contra os elementos olvidámonos de loitar pola nosa dignidade e polo noso futuro.

Como depredadores que somos, o noso propio instinto de supervivencia fainos caer na trampa da desunión: esa e a nosa debilidade. E os tempos que veñen son para outras clases de depredadores máis sofisticados.

Queren converter esta dársena nun porto deportivo e se cadra o tempo darálles a razón, e todos nós somos xa carne de museo etnográfico. Pero aínda nos quedan moitas mareas por diante e moitas madrugadas para sentir a chamada do mar. Xa os nosos fillos pensarán no mar como a leira onde sementar para recoller, se cadra é tarde para nós que levamos toda a vida escoitando aos vellos dicir que ó mar é femia, que o mar non se acaba.

Non se acaba tampouco o noso orgullo de mariñeiros de sempre, a emoción de botarlle outro pulso ás ondas e ós ventos, ó amor que lle temos ao mar e o asombro que late baixo os músculos, os callos, as feridas, diante da marabilla única, repetida mil veces, de ver saír o sol unha vez máis nesa inmensidade chea de vida.

PESCADORES DE BAIXURA DA DÁRSENA DA CORUÑA



Xaime Cabanas

GALICIA-CAPETÓN

Galiza é unha rocha cativa chantada no Atlántico e tamén un inmenso país mariño que abrangue todos os Océanos. Un país invisible, tecido cos mil fíos das sigraduras de cada mariñeiro, a latexar entre as grandes historias do mar e o sabor acedo do caciquismo. A súa dobre condición queda ben clara nas palabras de Serafín Mourelle, patrón de pesca, o primeiro que chegou ao Porcupine, a montaña submarina ao Oeste de Irlanda: "O mar non é poesía, é traballo e esforzo, e necesidade". De seguido, "eu nacín en Corme. Crieime na Coruña. Casei en Noia. Vivín no Gran Sol. ¿De onde son? Son do mar, máis que de sitio ningún".

Outra xeografía. As distancias enrúganse e estrícanse no mar. Moitos mariñeiros non han saber onde queda Bande ou Dozón a 80 kms do Berbés. Mais todos saben de Capetón ben lonxe de Vigo. Capetón é Cape Town, Cidade do Cabo en Sudáfrica. Nomes que chegaron a ser enxebres na conquista silandeira do traballo. Nunha banda do mapa, os portos de Burela, Ferrol, o Muro, Ribeira, Marín, Baiona, a Guarda, a capital mariña do Berbés... E da outra Antuerpe, o grande porto do Norte, máis parecido á pronuncia flamenca na lingua do mar que a forma Amberes da de terra.

Noriega "o se colle o bacallau no peirao" segundo contaba Tuto do Xelo, un de Celeiro. Valvisbai e os caladoiros de Namibia. Terranova, en Saint Pierre pechou hai pouco a tasca "Rompecarrallos". Castletón e Valentía en Irlanda. As plataformas do mar do Norte, isto é o gran furancho dos de Cangas. Ou xa na porta da casa, Orereta e Trintxerpe, portos enxebres da ría de Pasaia, en Euskadi. En Trintxerpe, na procesión do Carme, a canda o txistu soa a gaita. O país do mar tivo unha fronteira cara o Norte: o mar de Irlanda e o Gran Sol. Augas tan próximas que mesmo teñen nomes galegos: O mar das Galiñas, a Pistola, a Cona da Vella, o mar do Candil. Fronteira antiga que estoupou nos anos 70 co límite das 200 millas e as restricións da Comunidade Económica Europea. Houbo que buscar novos caladoiros e os barcos estenderon este reino invisible aos mares todos do Planeta.

"As cousas do mar non se contan na terra. A miña palabra queda no peito. Explicarme non sei". Palabras do Machín de Muxía. "Falar do

mar e quedar na terra", outro proverbio que explica a dificultade dos terrícolas para entrarmos nesta dimensión paralela de nós, sempre a bater nela, sen ser quen de a entender. Non ten haxiógrafo nin historiador ningún. Constrúese co esforzo cotiá, cada vez que o océano se convirte nun humilde instrumento de traballo.

Agora os de Baiona andan a pescar atún no Océano Índico, en Madagascar, ao norte dunha illa que lle din A galega. Escóitanse falancias do bacallau de fondo da parte da Australia, e de mareas vizosas nas Georgias do Sul, no outro lado do mundo, na auga do Antártico.

Reclamanos para o bravú o país invisible do mar. Para a xente toda quen de seguir sendo xente. Non hai límites nin fronteiras. Existimos entre a realidade e o misterio, o fución no Océano, a porta de todos os camiños.

Capetón é a viaxe soñada que medrou en nós, os rapaces da beira, coas crónicas de arribada dos mariñeiros de altura. Capetón na auga do Cabo das Tormentas, ese que o rei de Portugal mandou chamar de Boa Esperanza. África acaba e comeza o camiño da India. Dende a hiper-periferia cara Capetón. Tamén é a revolución dos pequenos, das persoas e dos povos que son quen de ser protagonistas nun mundo que nos relega ao papel de espectadores-compradores do que outros inventan para nós.

Capetón é a grande aventura, moito máis longa que a viaxe física a Cape Town.

Todos levamos dentro a semente do cacique, mais tamén latexa o poder carnocho, quen de cambiar o mundo a base de emoción.

A palabra aventura é larga no galego. Utilizámola para falar de sucesos estraños e perigosos, para os avós armar unha aventura eche o mesmo que facer unha aposta. Ambos os dous significados son solidarios. Xuntos achégannos á grande aposta. Esa na que o contrincante é un mesmo. O carnocho contra o cacique, os dous dentro dun. Unha aposta que é a vida. E unha viaxe, Capetón (ti non quedas varado en seco).

Xurxo Souto



Karl Ceramés

TREMENDO GATILLAZO

✚...xa está. Xa estou aquí. Non teño que pensar. Soamente correr e xogar como facía nas leiras ou no patio do colexio. Teño que xogar sen máis. Xogaría moito mellor se poidese facelo con música nos cascos, cun pouco de "house", co algo dos DJ'S. Deixaría o público flasheado, faría os regates cunha marcha que nin o Rivaldo. Pero estoy moi tenso. Xogar coa selección galega é moi forte, teño diante de min a Fran co brazalete, imaxinate o máximo para min. Pensa que eu son de Crendes, o filo do Pepiño o da casa encarnada, e pa min esto da selección galega é moito máis cun partido. Certo é que tampouco son un cheiñas. Xa levo tempo na Primeira Rexional e esta tempada estou no Negreira. Para os que non controlan destas categorías, que sepan que imos de líderes destacados, que arrasamos e que a min ningún me move da banda dereita. Eu pega-diño a cal como dí o mister. Supoño que a chamada de Arsenio foi porque non tiña a ninguén para xogar nese carril. A gripe de Mauro o do Compos como Dios. En Crendes están que flipan. Cando saíu o tema nos periódicos quedaron atontados. Pero agora xa estou aquí, a punto de saltar o campo, no túnel de vestiarios de Riazor. Xogamos contra a selección de Euskadi, moito máis ca un partido, é un hermanamento, un cruce de sangues, tripustelak e esas cousas, buen rollo, colegas e todo o demás. Por iso estou aínda máis nervioso. O máximo foi cando o zorro, o Arsenio, faloume no

vestiario. Foi tan solemne como a peregrinación do meu pobo, cando moven a Virxe e iso. Tremendo. Dixome moi despaño, subraíando o que falaba con eses dous párrafos que ten por cexas, "ti, o teu, ti, neniño, xogando como sabes, ti, xogando como sabes". Máis claro imposible. Pensei para min "este tipo é un xenio, fala como unha fonte de auga limpa". Despois enfundei a camisola coa bandeira e notei tanta enerxía no meu corpo como cando a meu irmán pequeno chegoulle a Crendes a camiseta do Xabarin Club, esa que ten máis cores que un polo novo de Frigo. Menuda pinta que tiña o rapaz co manexo de grelos na man e vestido coa camiseta esa de rapeiro do metro de Nova-Iorque. Así de ledo estaba eu coa bandeira xa no peito. Pensei no tipo ese dos Diplomáticos, un dos que moveu o do partido. Pensei nunha cousa que dixó pola radio, que escoitei mentras terminaba co furgón o reparto de donuts en Santiago, "os xogadores da Selección Galega vaílle a arde-lo peito, é unha honra para eles". Xa coa camisola posta, aínda nos vestiarios e co son de fondo do público que enche o estadio, iso era o que sentía, unha calor no peito caseque como cando miña nai dábame sopas de cabalo canso pa matar o catarro.

Pero agora xa está. Xa estou aquí. Xa temos o noso lado os da selección de Euskadi. Ostia, o do brazalete é Julen. Ai, mi madriña. Pena de

cascos para relaxarme cun pouco de DJ'S. Isto é moi forte. Fran e Julen o meu lado. Ademais vexo o final do túnel moitas luces de cámaras e alcachofas de cores dos xornalistas. Ai, mi madriña. Teño que saír ben desta historia. Non tódolos días debuta un do Negreira coa selección galega e menos no primeiro partido da equipa. Agora Xosé Ramón díme que tranquilo, que tire pa diante. Supoño que me veu nervioso. ¿Cómo non o vou a estar? O meu maior éxito profesional foi o gol que marquei na final da copa da Costa da Morte, cando o Fisterra nos fixo un catro os do Cee e agora esto aquí no estadio de Riazor. Xa estamos no campo. Xa estamos no campo. Foi tremendo o aplauso do público. Hai que ver como soan as palmas de máis de trinta mil persoas. Pa cagarse. Estoy tan excitado como o día que pensaba que enganaba por primeira vez a unha moza despois da festa. Toma flashes. Os da prensa coa súa luz branca. Tio, isto é historia, historia de verdade, da que queda nos libros. Síntome con tanta foto como a Ana Obregón nos aeroportos do Qué me dices. E eu estou aquí, un tipo de Crendes co Fran, co Buyo, co Xosé Ramón, co David, co Viqueira, co Vicente, co...a ostia. E agora o himno. Vou morrer. "Co escuro arume arpado, foogar de Breoogán, de Breoogán". Fran pón a man no peito. Seguro que é para apagar o fogo. Eu non sei que facer cos brazos. Vou levitar. Teño que suxetarme a Xosé Ramón para non

saír voando como unha cometa. Toda a xente cantando o himno xunta. É tremendo. Case mellor que escoitar "Los cerdos" do DJ Pepo. Vai a empezar o partido. Xa non sei se a pelota é redonda...

...Monchiño, que non chegas o reparto. Esperta, qué che pasou. Estás todo empapado e tes a cama desfeita. Con quén pelexaches. Veña levanta e a traballar que para non pegar nin pao xa está o teu pai.

Moncho é de Crendes e reparte donuts na zona de Santiago. Xoga a fútbol no Negreira. Van líderes destacados na Primeira Rexional. Podería xogar uns minutos na selección galega, porque Mauro, o do Compos, está con gripe. Raúl Nieto o seu mister ten certa man co Arsenio e o de Arleixo tiña pensado levalo. Para él sería o máximo. Leva días dándolle voltas, pero o parte que escoitou das noticias na radio da coñiña esa mesma mañán non puido ser máis claro: "Eu como presidente da Xunta que son pola vontade de tódolos galegos, que seguramente ven na miña persoa un pai, un home bó e xeneroso, un home traballador e honrado como poucos, eu, dicía, teño ben claro que o da selección galega non ten sentido ningún. Selección xa temos unha e que, por certo, o está a facer moi ben polos campos do mundo adiante. E sobre isto non teño nada máis que dicir". A Moncho quedoulle cara de gatillazo. Pensou "tere que seguir a velo Fran pola televisión".

CÉSAR CASAL



L. Romero. POSTER MARGEN FOTOGRAFIA

“Ai, mi madriña. Non tódolos días debuta un do Negreira coa Selección”



MOAÑA

Polo Morrazo chámanlle invasores ós ambulantes. A historia recente de Moaña é unha serie de invasións e contrainvasións: os que viñeron co naval, os que se foron de piso a Vigo, os que se foron ás plataformas e os conxeladores, os que viñeron de Vigo a mercar as casas abandonadas...

EN DO DE CIÓN MIGRA

TOMA 1: Bazán del Caudillo

No remate dos 50 -cando Francisco Franco era alguén- Ferrol, a urbe planificada, perpendicular e racional, semellaba concluída. O plan Marshall deixara nos coléxios leite e queixo, a Sección Feminina organizaba as xoves en cursos de corte y confección maximizando o seu capital doméstico, preparándoas para a economía do amor entre velas de cera relixiosa da Pascua, antes a recendo de capullo/guardamarina. Daquela Francisco Picos, con 20 anos estreados, pensaba en fuxir de alí. No Cabalo Blanco, o seu barrio infantil, había unha rúa de terra, leiras, casas de 2 pisos, predios onde xogabamos á pelota e xente que cultivaba as catro patacas, os allos e as cebollas.

Picos estudiara na escola de don Horacio, e de adolescente na Academia Dafonte, unha preparatoria para a entrada en Bazán, estandarte da cidade naval cunha escola de aprendices onde se ensinaba a Malthus e Adam Smith para entrar no estaleiro, garantía de futuro. A cidade semellaba durmir contra os muros da fábrica onde máis de 7000 persoas traballaban. Picos entra en delinación e bate cun ambiente moi cargado, como unha fousa, un réxime case policial na oficina. Despois perde dous anos no servizo militar e volve en 1960, cando xa se comentaba que Iuliano foi a Sevilla, e está de xefe de Elcano... eran os anos do medre industrial e urbano e ademais fronte ó estaleiro militar medraba en Fene, como un desalío, outra fábrica naval: Astano garbaba terra ó mar, espazo por onde esvararían despois as grandes quilas. O persoal de Bazán, algo comprimido nas expectativas económicas, comeza o trasvasamento a Astano, na outra banda da ría. Francisco Picos seguía en Bazán, pero o obxectivo era claro: escapar. En épocas de novidade e descuberta, como no lado de Rosalía, toda a terra é dos homes. Recibe unha charriada. Dito é feito, Maleta, billete e rumbo ó polo sur. Destino: Vigo.

SANTIAGO

o xa non tan novo Santiago de funcionarios e buscadores de subvencións fronte á secular Compostela sinfonia-de-pedra, leira eclesiástica e piadoso reducto da especulación inmobiliaria.

DA POLITICA E OUTRAS GARALLADAS

Cando nun país conviven varias cidades de tamaño semellante, a delicada elección sobre cal delas debe asumir a capitalidade adoita resolverse cunha vella estratexia salomónica: para que ningún se mosquee búscase, con calquera escusa histórica, unha urbe pequena que non alporice nin fira ós contendentes e, a ser posible, fique máis ou menos no centro xeográfico. Así están os exemplos de Bonn, Ottawa, Camberra e Brasília; Bruxelas para o conxunto de Europa, ou, por non esquecer as recentes tribulacións

autónomas de España, Mérida, feliz termo medio entre Cáceres e Badaxoz. Case todas esas cidades énchense ó pouco tempo dun fedor burocrático que as converte en lugares apaciblemente aburridos, xusto a atmosfera na que a política se sente máis cómoda. Pero Santiago racha a norma. O estado de Nova York, por exemplo, ten a súa capital en Albany, ignota cidade do interior e paradigma da vida provinciana, funcional e tediosa. A grande metrópole do século XX, o lugar do planeta con máis ofertas de diversión -

entre as que se inclúe a excitante posibilidade de morrer baixo o chumbo dalgún adicto ó crack- parece como se renunciara deliberadamente a acoller ese asunto tan sórdido e prosaico que é a xestión administrativa dos recursos públicos. Santiago, aínda con necesarios matices, responde dalgún xeito a ese modelo de capital salomónica, terra de ningún que pretende non ferir orgulllos alleos. Como noutros lugares afincados na burocracia, por Compostela circulan moresas de individuos de garabata e carteira de pel, solicitos e de





estado do mar en estado do priorioño ás sisargas

Fervéndome o peito e as gaiolas dos ollos, subo os chanzos da Atalaia de Gaio Servio Lupo e seime señor destes mares grosos e largacíos, destas augas que cheiran a perigo e a talófitas excitadas. Se fecho os ollos podo escoitar os contos dos mariñeiros afogados e aloumiñar coa cunca das mans as súas barbas de moitas xornadas. Estes mares están feitos, metade por metade, de vida e de morte, de horizontes exactos e de soños imposíbeis. Non me son estraños o cheiro nin a cor acabalada destas ondas porque neste mar temos afogado e temos amado, temos sachado e collido azos coma este arrouto meu de escalar e beixar a Torre de Hércules e de Xerión e dividir esta Porta de Mar en dous países. O que sobe cara o Priorioño e o que baixa para namorar as tres illas Sisargas, tamén chamadas Cotovías nos Manuais de Literatura.

O que sobe cara o Priorioño fíxolle as beiras á illa da Marola, colleu cor nos despeñadeiros de Seixo Branco, alimentouse de colorados mexillóns nas baiucas de Lorbé e vibrou repoludo nos abrazos silentes da ría betanceira. Este camiño de augas mutantes podo debuxalo abeirado a unhas terras aviñadas e mornas, pintureiras chamounas un artista decrepito, desas paisaxes, como as que formaron Vilarmaior, que saben a medioevo e a tranganalladas irmandiñas e ás que lle poño capital na Ponte do Eume que ven cadrando na metade, no corazón estremecido desta rota e nos nervos vertebradores da Ría de Ares, fragosa e pura. Na Ponte desaugan o irredento camiño para os Belvíses de Caaveiro, nevados de misterio, as estradas que desde Miño ou Perbes tomaron forma de serpes e cobras co mar sempre pintado nos espellos retrovisores da memoria e da xente motorizada que percorre a estrada. Desde a Ponte buscar o mar en traxe de ría, izar a bandeira dos Mugaros insólitos, dos Mugaros periféricos, dos Mugaros sinceros. Na Ponte nacen os camiños para os pagos ferrolanos, de moita alcurnia e caste, tan cosmopolitas e tan galegos como veñen retratados nas moitas historias reunidas no libro *Alén da desventura*.

O que baixa para namorar as tres illas Sisargas, tamén chamadas Cotovías vixiadas polo mar e a terra misturada en San Adrián. Eu nacínvos da Torre de Cornide para as Sisargas-Cotovías. Crémonos do máis baixo que deu o país pero tamén do máis auténtico. Haivos un bo cacho onde o mar está oculto e estragado. Chámase, a desfeita, primeiro Portiño, a seguir malísimos Bens e despois orgullosos e endogámicos Suevos, o Barrañán arteixán e pondaliano, ese turismo autopropulsado e patrio espaxado polos areais voluptuosos de Baldaio e Razo, pasando antes polas Baleas larachesas que escuartexou Antón Castro en Caión -Caión meu, Caión de Deli, Caión de Franqui, Caión de Miguel Sande. Despois agárdanos o Carballo de tantas mocidades, de tantos soños e tantos sanxoanes, e máis aló os alfareiros calados, outra Ría que ven sendo agora de Corme e Potozós, os panos areosos adheridos no Branco Monte, o lugar onde o mundo se chama Leiloio, a costa de Tánatos, Malpica de tantos soños, os mariños do Anllóns. Eu sonvos desas terras de mar e leira, dese mar imposible que leva a xente debuxada no nicho do sentido e no bico mesto de cada laio.

Bravo e bravú é este mar, compañeiros e compañeiras, un está tolo e morde carne humana, outro pode saber a ría e ten manxares que comería Ulises na viaxe de volta, que é a única viaxe. Eu vínvolo cantar e contar desde aquí, desde a Atalaia de Servio Lupo cuxos chanzos agora descendo consciente de seren os mares as únicas casas dos peixes, mesmo ao pé dun seu reservatorio artificial. Toqueime as fazulas e notei as bagoas que me chegan aos labios logo de percorreren as rugas e a emoción deste peito fervéndome e das gaiolas dos ollos, que abrin para vós coma un pan de agasallo e saíronme mares grosos e largacíos, augas que cheiran a perigo e a talófitas excitadas. Se fechades comigo os ollos, escoitaredes os contos dos mariñeiros vivos -estes que se contan aquí e agora- e poderedes dormir e soñar coas súas fabulosas historias, feitas metade por metade, corazón por corazón, de vida e de morte, de horizontes exactos e de soños imposíbeis. Ogallá vos presten historias e historiadores e durman en vós, tecidos con palabras virxes, no poro insólito da derradeira emoción, ultrapasados xa os orgasmos mariños que todos fabricamos nesa máxica masa de auga salgada por unha de cuxas portas tamén penetrou o noso verbo.

HENRIQUE RABUÑAL



IRINA, O VENTO DO BÁTICO

Nome: Irina Corbáikova

Ano de nacemento: 1963

Nacionalidade: Soviética ata 1991 e letona desde 1991.

Lugar de nacemento: Riga (Letonia)

Estado civil: casada. O meu home é galego.

Lugar de residencia actual: Vigo

Filios: Tomás Alexander, de tres anos e medio de idade.

Lingua materna: A miña lingua materna é o ruso porque os meus pais proceden de Siberia. A maior parte da miña familia aínda vive en Siberia. O letón é a miña segunda lingua.

Razóns polas que veu a Galicia: Uns amigos puxéronme en contacto coa Asociación de Amizade España-URSS, agora chamada Máximo Gorki, porque andaban a buscar un profesor de ruso para Galicia e non querían recorrer a ningún organismo oficial. Como me encanta viaxar, fixen a maleta e vinme. A maleta, por certo, perdéronna en Barajas e nunca a recuperei. Cheguei sen nada.

Factores que máis lle custaron para adaptarse: Sen dúbida ningunha, o clima. En Galicia o clima é moito máis suave, excesivamente suave, e

nunca teño sensación de inverno. Fáltame o vento do Báltico. Para min, o inverno galego é

unha mestura de outono e primavera. En Vigo non neva e sinto coma se non existise o

Nadal. Ás veces preciso ir ver a neve ás montañas de Durense. Tamén me custou

adaptarme ós horarios, pois todo aquí se fai tardísimo: xantar, coar, saír, deitarse...

Razóns polas que decidiu quedar a vivir en Vigo: Estritamente persoais. Casei con galego.

Traballo que desempeña na actualidade: Logo de tres anos dando clases de ruso para a

Asociación España-URSS, pasei a dar clases de ruso e de tradución ruso-español como

lectora na Facultade de Tradución e Interpretación de Vigo, ata que suprimiron o ruso

como lingua opcional e amortizaron a praza. Desde entón dei cursos de iniciación ó ruso na

Escola Oficial de Idiomas, traballei como intérprete en conferencias e cursos de verán e

para algunhas empresas como Factorías Vulcano, onde construíron oito arrastreiros para a

flota rusa. Ademais, formo parte dun equipo de tradutores que verqueu ó galego o libro *O*

conto ruso do XIX e agora teño contrato para traducir *Crime e castigo*.

Outras actividades que desenvolva: Estou a facer o doutoramento en Tradución e

Interpretación e estudando terceiro de galego na Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

Problemas do seu proceso de adaptación: Sintome a gusto aquí, quizais polo mar. Encántame

a mar. Non sufro morriña aguda e, ademais, Galicia, por ser un país nórdico, ten moitas semellanzas con Letonia. Mesmo ten parecido

número de habitantes. E Letonia sempre foi un país moito máis occidentalizado que Rusia. Ademais, Galicia é un país acolledor. Uns amigos

meus, letóns, foron vivir a Alemaña e volveron de alí a pouco: non se integraban.

Resalte algo positivo: A alegría de vivir, sen dúbida. Resulta impresionante ver a cantidade de festas que hai en Galicia: patronais,

gastronómicas, tradicionais... faise unha festa con calquera pretexto. Só con que gañe o Celta a xente bótase ós fontes. Aprecio a vida nas

rúas. Cando se declarou a independencia de Letonia en 1991 eu, que xa levaba un ano vivindo en Vigo, estaba alí, de visita. No meu propio

pais sorprendíme porque ningún saíu á rúa a celebrar a independencia. A xente quería pero ningún o celebrou. Aquele día a calma nas

rúas era absoluta. Eu dicíalles: sodes uns sosos, saíde a celebralo.

Resalte algo negativo: O caos urbanístico de Vigo horrorizábame, inicialmente. Agora xa me vou atacendo. Aquí non hai planificación, nin

zonas verdes, nin homoxeneidade nas liñas de construcións, nin harmonía urbana. Un desastre. En Letonia todo está extremadamente

planificado, cada casa, cada rúa, cada parque. As cidades son moi humanas, moi habitables e agradables.

Algún comentario con respecto á comida: Encántame o polbo á feira e o marisco, que en Letonia non se come. Sen embargo alí tamén temos

bo peixe. Boto moito de menos os arenques salgados e as anguías en xelatina, que me traen os meus amigos cando veñen.



O FURANCHO DE IAN COLQUHOUN

Ian Colquhoun. Inglés de Cheltenham, condado de Gloucestershire. 49 anos. Casado cunha canguesa. Vive

nunha casa de tres pisos, de contras vermellas, fronte á igrexa de Darbo. No xardín traseiro, unha

chailana boca abaixo, espera a chegada do inverno. No salón, libros; e sobre a mesa, *The Independent*. A

súa paixón: a lectura, especialmente sobre temas de ciencias políticas e sociais. Interésalle o mundo,

asegura. Un mundo que non lle convence. *Le Cuatro Semanas, Le Monde Diplomatique, A Nosa Terra, El*

viejo topo, Ajolbanco... Cálle o pelo ata os ombreiros e mostra un bigote mesto e longo, loiro. Ten ollos

pequerechos. Unha nena de dez anos enxada pola casa. A súa filla pequena. Chegou a Galicia en 1981.

«En Inglaterra eu traballaba como freelance facendo deseños para imprentas, editoriais ou axencias de

publicidade; estaba especializado en tipografía e deseño de libros. Logo de varios anos o traballo

fixoseme excesivamente rutineiro, pouco creativo e moi marcado pola presión comercial. Aquilo

aburríame e desexaba cambiar de actividade.»

A comezos dos oitenta o seu irmán decide facer unha travesía en solitario ata o Caribe, pero, azares da

vida, o seu barco queda atrapado nun temporal e entra, accidentalmente, na Ría de Vigo.

«Arribou a Cangas só, nun barco pequeno, e foi considerado case un heroe. Por casualidade coñeceu á

que hoxe é a miña cuñada e xa non marchou. Eu vin visítalo ó ano seguinte coa intención de permanecer

aquí unha semana. Tampouco volví. A Galicia de hai 16 ou 17 anos cautiveime. Era un contraste brutal

coa Inglaterra daquel tempo. Unha sociedade bastante atrasada, profundamente tradicional e

escasamente urbana. Desde aquela sufrí un cambio vertixinoso.»

Unha das cousas que máis lle chamaron a atención cando chegou a Galicia foi a cantidade de produtos

de limpeza que hai nos supermercados.

«A xente aquí semella ter unha obsesión pola limpeza persoal e do fogar, e sen embargo non existe

conciencia social da limpeza. Galicia está sucia, chea de vertedoiros incontrolados, de construcións sen

rematar, de montes queimados. E todo o mundo tira os papeis ó chan.»

En todos estes anos, o polifacético Ian repartiu o seu tempo entre diversas ocupacións: fai traballos de

carpintería, realiza algúns deseños por encargo, pinta cadros, toca a guitarra, poda as árbores e

dedícase á fotografía. A súa habilidade facheanda nos mobles da casa, que el mesmo deseñou e realizou.

Outra das súas paixóns é coidar con extremado mimo dunhas viñas que lle producen preto de cincocentas

botellas de branco. Durante as festas parroquiais abriu un furancho no baixo da casa, 'O chiringo da

curva'. Agora quere repetir a experiencia axudado por un amigo inglés que vive en Abelendo. Ademais, e

contra o que lle dicta o seu propio sangue, prefire o viño á cervexa.

«O furancho permíteme establecer unha relación aberta coa xente. Agrádame a calor da conversa no

bar, na tenda ou arredor dun prato de polbo á feira, malia que en todos estes anos non lograse ningunha

relación de amizade profunda con galego.»

De quince ou dezaseis anos para acá, este país cambiou moito, di mostrando unha fotografía que,

segundo el, plasma con acerto a esencia da Galicia de hoxe. Vese a unha casa de pescadores e, detrás,

un verdadeiro enxame de antenas, cables e torres eléctricas.

«Para min Galicia é unha moi sociedade tradicional que de súpeto caeu nun pozo. Ese pozo é o contraste

entre a vivenda do pescador e os postes da telefonía móbil. Ese pozo é o tráfico caótico que fai


imposible a vida nunha poboación tan pequena como Cangas. A xente cada vez é máis agresiva ó volante,

e violéntase ante calquera contratempo. Iso é algo que non pasa en Inglaterra. O pozo é o urbanismo

incontrolado. Constrúese sen planificación ningunha, fanse supermercados sen espazo para que os

coches aparquen, para que os viandantes circulen, para que os camiós descarguen. Todo isto


individualiza á sociedade galega. Este país caeu nun pozo do que non sabe como saír.»



SEBASTIÁN NOGUEIRA DA COSTA (SABA)

76

Hai oito meses Saba vivía no Amazonas, na cidade de Manaus e a cat quilómetros da selva. Chegou en decembro a Lago, pasando en seis horas de voo de 33 grados a care. Fixa a mesma viaxe que Rivaldo e Bebeto, pero a el o fútbol somente lle dá para vivir. Non pido muito máis. Con sair de copas, xogar e durmir ten suficiente, tan suficiente que rexistas melloras económicas doutros clubes porque entre murelas se atopa ben. Alegro de que «o mellor equipo galego, o Deportivo», teña cinco brasileiros, e de que Sábik estea soando ata nas bibliotecas. «Hai que ser bo para b'untar acó». Hai seis anos, con dezaseis, pasou de bedel dun instituto a profesional do fútbol sala. Recolecta que non ten muito que cantar porque non o ten vivido aínda. «Si teño 22 anos». Chegou medido a tempo de 96/97, pero desde tempo para explicarse con 39 goles.



STRONZI

Joga no Tercera División nasa, no Lemos, o histórico clube montañés, pero Stronzi comenza e dorlle patadas á balón moi novo no seu país, Almería e forma parte da selección nacional, primeiro do xaxvenil e logo de absoluta, en concreto daquela da que obtivo o combinado español escocelante arredor dunha dúzía de goles. Tivo ofertas de segunda división española e veseu hai catro anos fichado polo Durresse. Foi a un partido de pretempada a Wives e na volta perdiéronlle a pista, non apareceu nin para a presentación oficial do equipo. Atopárono logo na pensión, de vasa. Foi a primeira vez de moitos, así que o directorio botou man dunha precidiosa amiga, a do Lemos, para colocalo. Estivo ben. En Montañe, o afectión e o viño son comprensivos. Aquela primeira tempada, Stronzi puxoso de máximo goleador e o equipo saíu do Nacional Preferente Norte cara a Tercera. Desde entón, así seguen todos, Stronzi, o Lemos e a afectión, arredor do Luis Rodriguez (o campo) no do Capillar) bar onde se celebran as vitorias e se ategan as derrotas).

FOTOS
Manuel G. Vicente
TEXTO
Fran Alonso



AIXA, ENTRE A TRIBO DOS GALEGOS

77

Aixa vestía a súa mella de raios negros e vermellas, a túnica das mulleres saharvas. Os seus ollos negros e pescochos brillosos incanables estano dónos conta de la, dos déctiles e dónos exquisitos pastellini árabes. Puxa sobre a cidade e son os baquinos dun tráfico caótico. En dúas horas deborri abrir A jama é pública, o restaurante árabe do río irrandino en Vigo. Chámase Aixa Mohamed. As súas raíces están no Anán, outoutra colonia española. O seu berce, en Tándi, 1954. O destino fixa casar con militar rixano e no ano 1972 abandonou o Sáhara porque o seu home foi trasladado a Parga (Lago). Aí, nada máis chegar, viu a primeira nevada da súa vida. Ero un inverno durísimo, a neve chegaba ás ventás das casas e os coches non podían circular. Para ela, que vivía do deserto, o cambio foi atroz.

Passou que ero o fin do mundo. Coa alma prendida aínda na area dos dónos, tardou un ano en adaptarse á nova situación. Ero a primeira estranxeira que os habitantes daquela aldeña vían entre eles e aínda foi centro de atención. Ero a 'vava'. Todo aquilo fixa caer enferma. «Ven que le é palpítreo» confesa abertamente. Non fun quen do sentir nin o cambio nin a clima. Un ano despois, con embargo, no aldea de Parga ela ero unha máis. Aí dúo é luz e os veciños atórneno destitresadamente. Iso non o coquece. Desde entón identifícase a tumba aberta co carácter galego: coa súa retrencia, coa súa filosofía, coa súa forma de ser, de traballar, de saber estar, caladamente, di. A pesar do distanciamento climático e cultural está certa de que entre galegos e saharvas se produce unha química especial. Moi especial.

Os galegos herman tribos, como nós. Se dispouo delgún traballo, delgún privilexio, atórneno primeiro os seus irmáns, os seus coñados, os seus curruídos, o familia, os amigos. Tamén se deixan sabucir paíes longos e encantadores saharvenses dos galegos arredor dunha mesa con marisco, con peixe, ou con bu cocido. «Como facemos nós arredor do te. Aixa ten un fillo e tres fillas. Eles nunca estiveron na patria do súa nai. Nin sequere en Tándi. Non quere que os fillos vexan o país ocupado. Lago de pasar oito anos en Galicia, trasladouse a Madrid, onde foi destinado o seu home. Máis tarde superouse e quixo recuperar a súa vella quereñica, o país do chuvia. En ningún lugar se atopa máis e gusta que aquí. Escantalle trabexar esta terra húmida e verde. Escantalle percorrela ata perderse nas súas labregas máis acultas, nos seus herrechos máis recónditos, nas batidas prais de costa luguesa. Escantalle comer peixitos e polbo á feira nas tascas de Cargos, de Moaña, de Boou. Escantalle acudir á matanza do porco na casa dónos amigos de Betanzos. Distrúta coa corrimela, co rita, co despoce do animal e, sobre todo, coa sobremesa, coa longa e tralal saharvenses. Distrúta aínda que non sexa quen do probar o porco.

«Non son capaz de comelo. As miñas fillas fan, pero eu non. Estou psicolóxicamente bloqueada para iso. A educación pódese. Aixa é morena como unha pedra de azabache. Coquetos tapando e destapando a cabeza coa mella. O lazar que ten debaixo do olo dereito semella un dóno de area que lle medrou para venciarse eternamente á súa paba. «Estou no caso e espere que me chamen pronto para votar no referendo de autodeterminación do Sáhara. Lago, acómódese sobre os coxíns e cogade: «O meu pobo necesita liberar o seu territorio, ocupado. Galicia, sen embargo, é unha terra magnífica para precisa maior autestima de si mesma. Os galegos deben aprender e apreciarse. Precisan enorgullecerse da súa propia identidade.



Madrid ó fondo á dereita

(Redacción escolar para escomenza-lo curso 97-98)

Fillo de Fermín Bouza Brey, escritor e pai de Fermín Bouza Pena, guitarrista novísimo pero tipo *Extramoduro*, Fermín Bouza Álvarez foi un daqueles estudantes rebeldes de Compostela que fixeron en marzo do 68 un adiamento menos publicitado do maio do 68. Precisamente por iso (en concreto por ofrino, militante do PCInternacional) tivo que abrirese a Madrid escapando da policía. Cando o deixaron de buscar, xa tina rematado a carreira e establececese de profesor, ocupación que lle deu tempo para escribir poemas, novelas e andar de armadanzas galeguista. Agora séguese niso, pero de cate-drático de Opinión na Facultade de Xornalismo da Complutense.



COAS "MALAS COMPANIAS" DO 68.

E Do Inferno, naturalmente. Existe. Entrase por unha Puerta de Hierro e chegase a unha Puerta del Sol. Hai polo medio xentes e cousas, e entre elas (xente ou cousa?) eu mesmo. Cheguei hai case trinta anos atravesando o telón de gregos a unha estación chamada del Norte ou Príncipe Pío, que ulia a tren, e á que hoxe xa non se chega. Andei ata o meu colexio e dende alí viase unha cousa chamada Casa de Campo, que eran outeiros con moita terra e pouca herba. Do outro lado do meu cuarto, a carón da porta do colexio, había un terraplén no que aparecían osos e caliveras, dician que da guerra civil. Saíndo do colexio á dereita estaba o Parque del Oeste ou de Rosales, que polas mañás de inverno estaba xeado e na primavera enchíase de putas facendo auto-stop.

Logo, a cidade foise multiplicando e enchéndose de coiros e navallas. Os coches tamén se multiplicaron e os políticos, os burócratas, os futbolistas estranxeiros, os puristas, os tertulianos, os ultras, os adolescentes, os opositores, os novos poetas, os novísimos, os iconoclastas e outros gremios. No cinto pobre da cidade as casas medran para abaixo en vez de para arriba, e semellan covachas soterradas no mesmo corazón do inferno. Moreas de buscadores do ouro anímico andan entre elas, acochados da lei e da orde, e ata que o acadan non acougan. Se non o acadan, morren de mono, ou matan. Nesta cidade mátase moito: un pai á súa dona e ós nenos, por veren un programa de televisión que non era do seu gusto: un «pelao» a un adolescente por leva-lo pelo longo; un automobilista a outro, por non arrancar un semáforo; un mozo á súa moza por cousa de seren do Real ou do Atlético... etc. E de cando en vez unha bomba putofeixista reventa a dez ou vinte de calquera condición.

É moi agradable isto. Séntese un cheo de emocións primarias e de sorpresas a moreas. Unha vida de aventura para unha cidade de funcionetas, pasotas, bocatas, punetas, mouros, cristianos, chiltas, budistas, e outras xentes varias, mesmo do Barsa. Aquí hai de todo. Tamén galegos.

Dada a importante cantidade de crimes sen resolver dende hai moitos anos, hai que pensar que unha porcentaxe notable dos peatóns que se vai cruzar nas rúas, ou de compañeiros de barra de bar, ou de sala espera do dentista, ou mesmo de misa de doce, son asasinios nunca descubertos. Téñao en conta a hora de facer a súa reserva de billete e de hotel.

Polo demás, se elixe pasear, fágao polo día. Aínda hai sitios raros onde poder catar o aburrimiento provinciano, e ningún (quizáis) lle dará emoción a súa vida: pode tomar un vermú burgués no Paseo de Rosales, uns callos castizos á madrileña pola parte de Viaducto (e verá algún suicidio, sen dúbida) e da Cava Baja, e poderá mercar roupa cara por Serrano. E algunha outra cousa que vostede mesmo poderá descubrir. Non esquecer que está na capital, e, como aquí din, o máis tonto fai reloxos. E non faltan os tontos. Non se esqueza. E a saúde.

3 OFFEN EN HERE
↑ OUVARRICI
HIER OPENEN
↑ APPIRE QUI
ÖPPNAS HAR
↑ ABRIR AQUI
ARRIFES LIED
↑

Embaixada de Galicia en Manhattan Pedro de LLano




Na televisión saen como unha masa unánime. Chégan ós estadios ou se van deles en grupo, unidos pola alegría ou para ser máis fortes na desgracia. Tanto os directivos como os gurús dos medios chámánlles a voz da afición para manexala mellor, colléndos pola súa parte noble: a fidelidade ás cores do clube. Aquí, sin embargo, presentamos unha mostra desa xente que leva no peito un corazón que latexa en branco e azul (aínda que sexan distintos azuis).

ATROPA DA TRALLA


FOTOS
Pepe Ferrín (compañonistas),
Samir Rodríguez e Marcos Mendiguren (cellistas)
INFORMACIÓN
Miguel Fernández

KIKO.
Celtista.
27 anos.
Mensaxeiro.

"Son de Vigo, e o Celta é a miña vida, a miña paixón, coma unha droga". Kiko empezou a chutarse celtismo ós 14 anos, pasando a Balaídos amosando un calendario de man do Celta, "o porteiro era miópe". Desde entón, recorda especialmente viaxes como o ascenso na tempada 91/92 logo de gañar ó Sestao a domicilio por 3-0. Define como "a noite máis longa e máis fermosa" a que pasou no tren a Madrid para a final da Copa. Tamén garda no armario un anaco do céspede de Riazor sobre o que o Celta venceu 1-2. No capítulo de malos rollos, as despedidas de Gil e de Vicente.



Camiseta. Co 10 de Gudelí.



Entrada da final da Copa e corte de pelo Celta
Petaca da sorte. Imprescindible chea de whisky
Banderín da Copa, con autógrafos
Matrícula e escudo

Gorro. Sustitúe a unha peluca histórica: "Leveina desde o ascenso ata que se foi Beбето. Púxenlla no último partido, e logo mandéilla por correo"
Corbata: Feita cun anaco da bufanda que levaba no partido do ascenso a primeira. "Antes levaba ós partidos bufandas distintas. Desde que gañamos a Copa, só a do Liverpool".



Corbata: Feita cun anaco da bufanda que levaba no partido do ascenso a primeira. "Antes levaba ós partidos bufandas distintas. Desde que gañamos a Copa, só a do Liverpool".
Gorro. Sustitúe a unha peluca histórica: "Leveina desde o ascenso ata que se foi Beбето. Púxenlla no último partido, e logo mandéilla por correo"
Kersel de lá. Fíxollo a miña muller no 88 e dese aquela vai con él a todos os partidos, "é o meu amuleto". O seu pequeno ten un igual.

PEPE GOL.
Deportivista.
38 anos.
Hosteleiro

Comezou ir ó fútbol hai 31 anos. Simpatizou co Real Madrid, "pero iso xa morreu". O de Pepe Gol (que el escribe, como pon na esfera do seu reloxo, PPGol) vénlle de cando foi empregado do Clube, entre o 78 e o 82. Asegura que só faltou a un partido do Depor, e recorda con máis emoción "o gol de Vicente que evitou que baixáramos a 2B, o ascenso e o partido de Birmingham". Non só el, precisamente nesa viaxe de volta logo de que o Deportivo eliminase ó Aston Villa, recorreu ofrecido de xeitos todo o pasillo do avión, "mentres as azafatas non sei que me decían en inglés". O seu fillo "viu o carné do Deportivo antes do ó seu pai". Está a favor da Selección Galega, "si se fai de verdade, sen caralladas".

JOHNNY.
Deportivista.
26 anos.
Cristaleiro.

Empezou a ir ó fútbol "co meu tío, sen pagar. Logo xoguei 5 anos no Orzán, e regalábons un carné". O seu segundo equipo é o Barúa "porque nacín en Barcelona". Os seus recordos históricos son o gol de Vicente, o ascenso e as finais da Copa". Só na época de Boronat, o adestrador que case devolve a Segunda ó equipo que ascendera Arsenio "cheguei a decirme, non volvo máis". Arsenio ("son de cerca del") e Donovan, un inglés negro ("que era máis rapeiro que futbolista") son os seus heróis deportivistas. De estudante, xa fundara cun fillo de Beci uha peña, Ultramarinos, logo estivo en *Fraguel Rock*, nos *Riazor Blues* e "agora fúmmé á mellor, *Grei Kentalla*". "Selección Galega sí, gracias"



Pin. Tamén nos partidos especiais leva un pin de prata, que lle cedeu un dos fundadores dos Riazor Blue
Camiseta. "Polo xeral, levo camisetas suplentes porque acabo regalando todas". Nas ocasións especiais, como para a foto, leva unha que pertenceu a Azpilazu.

ROI FERNANDES


Celtista.
23 anos.
Estudante de Filoloxía Inglesa.



Supónse que é ún dos desta basca. Non quixo aparecer el só "por motivos de seguridade". Comezou moi novo co do fútbol, xa ós sete anos xogaba no Galicia de Alcabre. Colgou as botas cando deu en fumar porros. Entre as anécdotas que lle pasaron, quédase con algunhas malleiras que recibiu con outros compañeiros de foto, e tamén "cando entramos en San Lázaro pola porta de bombeiros, sen pagar entrada, por suposto". Entre os recordos felices está, tamén por suposto, a final da Copa do 20 de abril de 1994. É de *Siareiros Galegos*. O seu equipamento para ir a Balaídos ou onde xogue o Celta segundo conta -e terémonos que fiar- é unha camisola coa inscrición "Gudelj-skin Celta", bufanda, bandeira galega e unha pucha escocesa. Ademais, leva como fetiche un gnomo que lle saíu non ovo kinder, "ó que lle frego os collóns para estimular ó equipo".

PABLO JUSTO

Celtista.
18 anos.
Estudante de Enxeñería.



Páxina Web.

Se tecleas [www. geocities. Com/Colosseum/4212/main. html](http://www.geocities.com/Colosseum/4212/main.html) escolltarás, primeiro, o himno galego e logo poderás acceder ás páxinas do Celta.



A pesar de ter nacido no Ferrol, os seus primeiros recordos futbolísticos son de Balaídos, un amistoso entre o Celta e unha selección internacional na que xogaba Maradona. Desde entón, os fitos celtistas que máis recorda son a final da Copa contra o Zaragoza e o 1-2 contra o Deportivo en Riazor hai dous anos. Polas súas obrigas académicas, non pode asistir moito a Balaídos, pero intercambia información con todo o mundo a través de Internet. "Decidí crear unha páxina web non oficial do Celta porque non tiña ningunha e o Deportivo si" (creada por certo por un residente en Vigo). Ten recibido mensaxes de todo o mundo, desde o cónsul de Islandia en Porto Rico, Antonio Ruíz Ochoa, que lle deu as gracias pola sorpresa de atopar ó Celta en Internet, xa que fora seguidor do equipo nos anos 40-50, e recordaba históricos como Simón Venancio ou Del Pino. Tamén un tal Richard Ulloa, un ourensán que vive en Panamá mandoulle un recado: "o Depor que vaia ó carallo". "Recibo tamén moitas mensaxes desde Israel preguntando por Revivo, pero algunhas están en hebreo".


FIONBARA e DÉAGLÁN ÓMAITIU

Deportivistas.
37 anos.
Dan clases de inglés.

Naturais de Dealgan, un pobo de 30.000 habitantes xusto no medio entre Dublín e Belfast, "xusto na fronteira con Irlanda do Norte". Mamaron fútbol xa de pequenos, porque o pai era semiprofesional da liga de Irlanda do Norte. "Os nosos primeiros recordos son ver ó Manchester de Gerge Best e Bobby Charlton pola tele. Eramos do Manchester porque era onde ían dar os futbolistas emigrantes de Irlanda. ó estadio da nosa vila viñeron desde o Glasgow Rangers (que case desfán todo, é o equipo dos protestantes escoceses) ata o PSV Eindhoven, o Tottenham Spurs, o Liverpool,... e o Celtic, a noite máis memorable". Fionbara chegou á Galicia hai dez anos, para ver uns amigos, "e gustoume tanto que volvin, recollín todo e viñen para quedar". O seu irmán veu para tres meses, "e ós sete case me vou, porque non entendía nada".

"Góstanos ver o fútbol en directo, e fixémonos socios cando o Depor estaba en segunda, hai seis anos. Parecíanos increíble que houbera xente que apoiara ó Real Madrid ou ó Barça tendo un equipo local, incluso xa cando estabamos en primeira. Esa xente non está ó nivel do equipo, deberían facer un curso, porque o Madrid e o Barcelona están onde están porque a maioría da xente quere que gañen". Ser ou non ser. Cando veu xogar a Riazor o Aston Villa, ún dos xogadores, Steve Staunton, era veciño seu. "Estivemos con el no hotel e ofrecéunos unhas entradas, pero cando lle dixemos que nós íbamos polo Depor, recomendóunos que foramos ós nosos sitios de sempre".

"¿Selección galega?, ¡of course!" (Fionbara). "Home claro que a hai que ter. Se hai unha de Irlanda do Norte..." (Déaglán)



Camisetas(as postas). As da selección de Eire. "comprámoas no noso pobo".

"As do Depor e o balón foron un regalo duns amigos polo noso cumprimento."

RODRI

Deportivista.
23 anos.

Pon copas no Parrús e no Heysel.

"A primeira vez que fun a Riazor foi a un Fabril-Finisterre, e extrañeime de que non se retransmitira o partido polos altavoces". Tiña oito anos e desde entón foi a todos os encontros na casa e a casi todos fora. Era, como Johnny, ún deses "neniños descamisados" que lle tocaron o corazón a Arsenio cando viaxaron para un partido contra o Levante. "Hai que viaxar, como fan os británicos". Foi, naturalmente ás dúas finais da Copa contra o Valencia. A primeira, uns Ultrasur déronlle uns trompazos antes do partido, "e tiven que armar un cristo no hospital para que me deixaran ir, ata que unha enfermeira de Lugo colóume e volvíu ó Bernabeu, co brazo roto, xusto cando empezou a chover e empatou o Valencia". Por iso seguramente lle gustan xogadores como Traba, "que era de Fisterra, como meu pai", ou Uralde, é decir: "barandas e que loiten". Séntase cos Riazor Blues e está a favor da Selección Galega, "pero non de Siareiros, porque é todo política".



Camé. O de socio infantil.

Camiseta. Só a leva en partidos especiais, como a final da Copa.

A última vez foi no partido contra o PSG en París. Está chea de furados de navalladas.

Entrada. A do PSG-La Corogne. O resto da colección está nos dous bares.

Costa da Morte

Costa da morte

A Barca todo o abarca

■ Son as 8.30 da mañá do domingo 14 de setembro, e no Campo da Barca, laxes inmensas de granito diante do Santuario, xa hai un lote de romeiros. Non se deitaron, ás 8 da mañá acaba de rematar coa luz día a festa no malecón. Din que un ano fallou a última hora unha gran atracción e cos cartos a comisión contratou orquestras a oito para que houbera festa a noite toda, dende aquela ata hoxe. Á extensión cronolóxica da festa súmase a extensión xeográfica. Carnochos de Fisterra a Malpica, de Cee á Coruña estiveron a noite toda marcando repichocas no malecón.

O aire cheira a maruxía, ao lonxe o Faro Vilán como un espeto na rocha. Os muxiáns din que se agudiza a orela e o Nordés trae os laios dos de Camariñas que, por moito que enxarman, nunca dan armado unha festa tal. Eu non os escoitei. Pero afirmo de vez que poucos lugares no mundo han superar en paixón e devoción á Virxe da Barca. O último estalo, a fin de festa na fin do Mundo. A derradeira romería na Costa da Morte.

A catarse da festa é brutal. Unha catarse necesaria tamén por tradición para grandes desgracias que acompañan ás xentes da volta. Escuso figuras literarias. Este ano, uns días antes da Barca, morreron no mar dous rapaces de Muxía. A corenta millas de Fisterra, no mar da Praia Nova, un helicóptero foi rescatar á tripulación do palangreiro *Rey Álvarez II*, afundido por unha vía de auga. A visibilidade era nula, foron subindo en parellas. De súpeto houbo un problema co cable, aínda non aclarado, e dous rapaces, Francisco Lires e Salvador Toba, desapareceron no mar. A Francisco, naceulle o fillo dous días despois. En Muxía coñecíano como «Francisco por ti me arrisco», pola cántiga que lle armara aos 7 anos a primeira moza que tivera.

*«Francisco por ti me arrisco
e sempre me hei arriscar
este amor que a ti che teño, Francisco
nunca o hei olvidar»*

«Agora todos son da Costa da Morte», díxome **Suso Lista**, percebeiro de Corme, poeta, vehemente, reivindicador constante do Almirante Mourelle da Rúa, un de Corme que descubriu as grandes rotas do Océano Pacífico. «*Vimianzo, Agolada, Ponteceso... todos queren ser da Costa da Morte*». Primeiro achegamento á cuestión dos límites, tema complexo e bizantino: A Costa da Morte, foi sempre iso costa. Cun límite ben claro cos terrestres, cos da aldea. Á xente de Brañas

Verdes, a só dous kms do porto de Arou e a 6 de Camariñas, xa eran cosiderados polos da beira como «os do monte», como xentes doutra dimensión. Unha xeografía grandiosa, e carnochos que miran se hai algo na construción pero que non dan fuxido da cadea do mar. Dixo o **Machín**, vello mariñeiro muxián que cantaba tan ben como o mulato e con máis gorxa.

*«As Cousas do mar non se conta na terra,
a miña palabra queda no peito
explicarme non sei».*

Esta non foi terra de funcionarios. Cadaquén armou a súa vida e é dono do que ten. É a autoxestión natural. Traballar no mar e na terra, na construción, ou en Suíza, onde seguiron emigrando a oito ata hai dous anos en que se pechou a billa. Parece que no País Helvético aparecelles un 4% de paro e colleron medo. Outra aproximación ao debate das fronteiras tráenola o fútbol. Acó os límites esténdense cara Soneira e o Xallas. A mítica Liga da Costa ocupou e ocupa moita forza vital dende Fisterra a Malpica. Segundo **Xosé Manuel Lema**, a historia da súa vila é a historia do seu equipo O Baio F.C. cuns comezos tan precarios que mesmo no seu escudo levan un farol vermello en lembranza daqueles anos de derrota constante. Dende os anos 40 o furor futbolístico foi inmenso...

Tolemia futbolística e moitos equilíbrios. As grandes figuras do Fisterra e do Corcubión mesturaron as carreiras polas bandas co balanço do mar. Como mesturan agora mar e escenarios os protagonistas da nova paixón: os rapaces dos conxuntos. Nos anos 90 ás guitarras eléctricas chegaron definitivamente á Fin do Mundo. **Bocixa** dos Zenzar de Cerceda coordinou un disco mítico: *Rock na costa da Morte*, disco precursor da propia Unión Bravú. Na música destes conxuntos o sustrato heavy é evidente. Unha xeración anterior trouxo polo mar grandes casetes de Hamburgo e das Canarias. Era o tempo no que os heavies de Neño, baixaban á discoteca Teima da Ponte-Ceso co caldeiro na maleta do 127. Cando o disc-jockey berraba iso de «Bien esto se ha acabado amigos», ían directos ás angulas no esteiro do Anllóns. E o mar sempre bouorando. As rapazas saben que os domingos na Costamar de Malpica hai que ligar axiña. Na madrugada embarcan os rapaces todos. O poder heavy concretouse en Malpica nunha xuntanza brutal, *Asociación Tralla*, mariñeiros heavies organizados para armar concertos. Cito o nome e o barco no que

andan. Velái: **Cesáreo** no *Marián*, **Genito** no *Farelo*, **Monchiño** no *Ladrón de Bagdad*, **Coppola**, **Kiko** e **Ismael** no *Praia de Razo*, **Chiño** no *Benjamin*, **Damián** no *Maria Mercedes*, **Kiko** no servizo e **Bena** no paro. Falta un lote deles. Ismael gatilla na guitarra no grupo trash *Trévide*, nome dun barco inglés afundido no Faro Vilán, **Damián** é poeta co alcume do *Trasno Azul dos Idoiros*. Non dan feito o grupo de teatro porque hai que ir ao mar e non queda tempo para os ensaios pero arman concertos poderosos. O sistema de financiamento é sinxelo: cada un pon todas as semanas 1000 pesetas ata que xuntan os cartos. Outra vez o vello espírito autoxestionario da Costa da Morte.

Chegaron as guitarras. Paixón habla. Tiras as redes e vén o cope cheo de grupos (insisto algúns deles nunca probaron son, se andan no mar non van deixar o traballo por estas cuestións técnicas): *Os Centolos*, *Shit-Jam*, *Torreblues* de Laxe, *Sobrekarga* da Ponte do Porto, *Vichacos* de Baio, *Kalimatxos* da Ponte-Ceso ou *Kelanse* de Camariñas, (*Kelanse* parece nome de grupo heavy hiperboréu, a etimoloxía é máis enxebre, cando hai unha desgracia no mar as velliñas din «Aii! Que lanse! Che»).

A paixón estoupa no rock, e a Barca ao fondo de catalizador. Hai uns anos andaban pola festa catro rapaces de Soneira que querían facer un conxunto. Atopounos **Juanito** de Fisterra, un mariñeiro que foi 40 anos andando a Barca sen faltar un, saía unha semana antes parando de tasca en tasca e dáballo tempo de chegar. Díxolles Juanito «*e a onde iredes vós, coa camisa mal posta, imprementables !!!*» Acababan de nacer *Os Imprementables* de Vimianzo. O conxunto máis poderoso da volta e case o máis mod, autoimolados hai ben pouco e a piques de estoupar nun novo proxecto *Barafunda*. Dixen case máis mod, porque en cuestións de chuvaseiros e cremalleiras, como eles mesmos recoñecen, hai un que os supera: o **Rubio** de Camelle, percebeiro e submarinista,



TRIBUS